

O PSdeG APOSTA POR UNHA ESPAÑA PLURAL, ONDE O AUTOGOBERNO DE GALICIA SE INSCRIBA NUN ESTADO FORTE QUE FOMENTE A CONVIVENCIA E O RECOÑECIMENTO DA DIVERSIDADE

O PSdeG reafirmase como unha organización galega que forma parte do proxecto federal do Partido Socialista e nese proxecto compartimos cos Socialistas de Cataluña a aposta por unha España plural, diversa e integradora, sendo defensores claros dun modelo federal, como é o Estado das Autonomías, que ten contribuído ao desenvolvemento económico e social de Galicia de forma notable.

A nosa aposta por un modelo federal tamén significa apostar pola cogobernanza das Comunidades Autónomas nas políticas estatais, polo autogoberno e polo respecto á idiosincrasia do noso país dentro do marco dun Estado forte, plural e diverso.

A posición federalista que os Socialistas de Galicia compartimos cos compañeiros e compañeiras do PSC responde tamén ao desexo maioritario da cidadanía, defensa do autogoberno e da nosa identidade nacional dentro dun Estado forte, social e solidario que fortalece a convivencia entre iguais. Non estamos nin nas posicións daqueles que defenden a secesión, o independentismo, a autarquía ou simplemente que non recoñecen as bondades das organizacións internacionais (UE, NATO, ONU, etc) e se poñen de perfil diante da invasión de Ucraína, nin tampouco estamos nas posicións dos que reivindicán un Estado sen autonomías, nin autogoberno, que son nostálxicos do estado unitario predemocrático.

As orixes do Estado Autonómico están ligados á democracia mesma. Non era posible construír a arquitectura democrática de España sen atender a demanda do autogoberno que expresaban as nacionalidades que xa conquistaron a autonomía no período republicano (Cataluña, Euskadi e Galicia) e sen contemplar un modelo territorial que puidese ofrecer unha descentralización política semellante ao resto dos territorios, (algúns dos cales tamén iniciaran xa un proceso cara á autonomía naquel período) con iguais ou parecidos desexos de autogoberno e coas súas propias motivacións políticas, económicas ou identitarias para iso.

Dende o PSdeG consideramos que o modelo autonómico español foi un éxito, cunha fórmula que permitiu construír un Estado moderno e eficaz, sobre a base da pluralidade identitaria das súas nacionalidades e rexións, ás que dotou dun amplo e sólido autogoberno, na perspectiva dos modelos federais máis descentralizados do mundo. A realidade histórica e a diversidade cultural, social e política das súas comunidades aconsellaban a implantación do modelo autonómico, que foi peza crave da nosa Constitución.

A Constitución e os primeiros Estatutos describiron o punto de partida do que ía ser o Estado Autonómico español. Un modelo singular, aínda que o seu resultado final é un modelo de organización territorial do Estado, de claro corte federal, porque se desenvolveu de maneira crecente desde os principios do federalismo. Unha estrutura que permitiu combinar os principios básicos dun estado complexo: Subsidiariedade, identidade e cohesión.

Ainda así debemos perfeccionar o modelo federal/autonómico xa que siguen sin resolverse vellos problemas e algún novo derivado de máis de 40 anos de experiencia no autogoberno e na gobernanza multinivel do Estado.

Podemos apuntar cando menos as seguintes eivas:

- Un Senado que non foi capaz de consolidar a súa vocación de cámara de representación territorial.
- Un modelo de financiamento que segue producindo insatisfaccións importantes.
- A debilidade dos mecanismos de cooperación e de coordinación.
- Unha excesiva complexidade e conflitividade xurídica na repartición competencial e en consecuencia, ás veces, unha confusa acumulación de institucións no exercicio de prestacións públicas comúns, entre outros.

Ao tempo que constatamos estas eivas observamos dúas pulsións, unha secesionista ou rupturista coa actual modelo de gobernanza do Estado e, por outra banda, unha posición recentralizadora, claramente contraria ao Estado das Autonomías.

Fronte ás pulsións neocentralistas, debemos ser claros: a volta atrás do sistema autonómico, non é posible. Administrativamente sería un desastre organizativo e politicamente provocaría novas e quizais insuperables tensións territoriais, pondo fin á mellor experiencia histórica da España plural, construída sobre o recoñecemento da identidade das súas comunidades sólidamente establecidas, hoxe, no seu autogoberno. Sinxelamente, ese horizonte é inasumible na España do Século XXI. Opómonos igualmente á ruptura do país. Non podemos nin queremos contemplar a ruptura de ningunha comunidade co resto de España.

Foi a España autonómica a que construíu as grandes infraestruturas que vertebran e unen aos pobos e ás cidades españolas. Foi a España autonómica a que consolidou os alicerces dun Estado do Benestar no que os dereitos básicos cidadáns á educación universal, á sanidade gratuíta, a pensións dignas, aos servizos sociais, ao dereito á autonomía persoal, sexan iguais para todos os españois. O sistema autonómico achegou o goberno aos administrados e a xestión dos grandes servizos públicos (educación, sanidade, etc.) aos cidadáns, aproximando e nivelando a renda e a calidade de vida entre os cidadáns españois, establecendo unha notable aproximación entre os territorios.

Por iso hoxe reafirmamos a nosa aposta por mellorar o actual modelo autonómico, quen sempre defendemos a Constitución e o Estado autonómico, expomos actualizalo e perfeccionalo nunha perspectiva federal, porque o federalismo debe ser o modelo definitivo da nosa organización territorial, como noutros moitos grandes Estados do mundo.

Un modelo federal, cooperativo e pluralista como vía idónea para dar resposta ás lexítimas diferenzas que hoxe se presentan desde diversas comunidades autónomas, sen quebranto do que debe de ser o respecto eficaz ao igualitario recoñecemento dos dereitos dos cidadáns e á solidariedade interterritorial. Trátase de conxugar igualdade e lexítimas diferenzas.

O, en concreto, debe asumir plenamente o seu carácter plurinacional e plurilingüístico, recoñecer abertamente a relevancia dos feitos nacionais, e realizar a súa transformación plena nun Estado federal, que permita e promova a articulación da diversidade nun nós civil que non nega as achegas que, desde a diferenza, fanse á construción do común, senón que precisamente nútrese delas.

Afirmamos que a igualdade non debe confundirse coa uniformidade, e o recoñecemento das especificidades nacionais non é óbice para asegurar a igualdade dos cidadáns e cidadás da federación no exercicio dos dereitos que lles recoñezan as leis.

Santiago de Compostela, a 20 de abril de 2022